

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE XUÑO DE 2024 POLA QUE SE SUSPENDE O ARTIGO 5 DA NORMATIVA DE PERMANENCIA E PROGRESO NAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E DE MÁSTER DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A actual normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo foi aprobada polo Consello de Goberno, o día 16 de decembro de 2016, e polo Consello Social da Universidade de Vigo, o día 12 de xuño de 2017, e publicada no DOG o día 30 de xuño de 2017.

Esta normativa aplicouse ao alumnado de estudos de grao e de máster da Universidade de Vigo desde o curso 2017-2018.

O Consello de Goberno aprobou o día 28 de abril de 2023 unha nova normativa de permanencia e progreso, aprobada polo Consello Social no pleno de 7 de xuño de 2023 e polo Consello de Universidades de 14 de xuño de 2024, que se aplicará a partir do curso 2024-2025, polo que o alumnado matriculado de novo ingreso nos cursos 2022-2023 e 2023-2024 se rixe pola normativa anterior.

A vixente normativa establecía no artigo 5 o seguinte:

Da permanencia do estudiantado de grao

- a) *O alumnado de grao de primeiro curso e de novo ingreso deberá superar, polo menos, dúas materias ou 12 ECTS se está matriculado en réxime a tempo completo e unha materia ou 6 ECTS se está matriculado en réxime a tempo parcial.*
- b) *O estudiantado de grao que non supere os mínimos indicados no número anterior poderá continuar os seus estudos na mesma titulación da Universidade de Vigo, condicionado á superación no seguinte curso académico de, polo menos, 30 ECTS se está matriculado en réxime a tempo completo e 18 ECTS se está matriculado en réxime a tempo parcial. De non superalos, non poderá continuar os mesmos estudos na Universidade de Vigo.*

Na nova normativa de permanencia o artigo 5 quedaría redactado do seguinte xeito:

O alumnado de grao de primeiro curso e de novo ingreso que acceda a través de calquera proceso de admisión, agás a admisión aos cursos de adaptación ao grao (cursos ponte) deberá superar, polo menos, 6 ECTS, tanto se está matriculado a tempo completo como a tempo parcial. De non superalos, non poderá continuar os mesmos estudos na Universidade de Vigo. Neste cómputo non se terán en conta os créditos obtidos por recoñecemento.

Dada a diferenza entre as dúas normativas neste artigo, cómpre suspender o control do actual artigo 5 para o alumnado de primeiro de novo ingreso que se vai matricular no curso 2024-2025, debido a que no curso 2025-2026 xa non se poderá aplicar o apartado b) da normativa actual, por entrar en vigor a nova normativa de permanencia.



Por todo o anterior, esta REITORÍA resolve:

Suspender o artigo 5 da normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo en Vigo, para o ingreso do novo alumnado de grao no curso 2024-2025.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (BOE 14/07/1998).

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE 02/10/2015).

Vigo, a data da sinatura dixital

O Reitor

Manuel J. Reigosa Roger

(asinado electrónicamente)

